

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2023 pola que se modifica a Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

O 9 de novembro de 2021, a Axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou a Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K) (DOG núm. 215, do 9 de novembro), aprobado polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, modificado polo Real decreto 377/2022, do 17 de maio, polo que se amplía a tipoloxía de beneficiarios do Real decreto 477/2021 e do Real decreto 1124/2021, do 21 de decembro (BOE núm. 118, do 18 de maio de 2022).

A citada Resolución do 28 de outubro de 2021 foi modificada pola Resolución do 9 de febreiro de 2022 (DOG núm. 33, do 17 de febreiro); pola Resolución do 21 de xullo de 2022 (DOG núm. 145, do 1 de agosto) e pola Resolución do 12 de xuño de 2023 (DOG núm. 117, do 21 de xuño).

O 28 de decembro de 2023, publícase no BOE o Real decreto polo que se modifica o Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, que amplía a vixencia do programa de incentivos ata o 31 de xullo de 2024.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 28 do Estatuto de autonomía, coas facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar a Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de



incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K) nos seguintes termos:

Única. O número 3 do artigo 6 queda redactado como segue:

«3. Prazo para presentar as solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día hábil seguinte ao da publicación no DOG da presente convocatoria e finalizará o 31 de decembro de 2023.

Para solicitar a súa adhesión terán que cubrir e presentar o formulario de adhesión (anexo I)».

Segundo. Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2023

Pablo Fernández Vila
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: ajyne674-v8o9-rqk9-z2f0-0furzhlpxiu3

